

DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

V XORNADAS PACEGAS

Xornadas de Literatura e Poesía
no Pazo de Tor

V XORNADAS PACEGAS

PAZO DE TOR (MONFORTE DE LEMOS)

2 e 3 DE XUÑO DE 2025

Coordinación xeral: **Encarna Lago González**

Houbo pazos en Galiza que se quixeron centros políticos e culturais. Entenderon esa relación co mundo da cultura dende un punto de vista propagandístico dos apelidos da liñaxe en cuestión: algúns fidalgos non quixeron ser simples vinculeiros; revestíanse cunha imaxe de persoeiros cultos, arrodeábanse ou frecuentaban xente e prestixio, das artes e das letras.

Os Garza adornaron a súa estirpe como trasuntos literarios da man de Benito Vicetto e Valle-Inclán. A ficción narrativa e a verdade

poética mantivéronse durante xeracións no Pazo. As tertulias literarias, as veladas na versión pacega dun Parnaso improvisado cabo da casa, ás que acudían Uxío Novoneyra e Manuel María, artistas como Enrique Navarro, prolongáronse até as propias residencias literarias practicadas pola Rede Museística.

Plantexamos estas V xornadas como un encontro do pasado poético coa literatura de hoxe relacionada non só co Pazo de Tor, senón con outras grandes casas e co seu territorio.

Inscripcións a través do correo: **concertacionsrmp@gmail.com**

PROGRAMA

LUNS, 2 DE XUÑO

16:30 h

Presentación

A cargo de **Encarna Lago González**, xerente da Rede Museística Provincial de Lugo: **“O Pazo de Tor, fogar da palabra. De profundis: ecos das voces soterradas na museoloxía da Rede Museística”**

17:00 – 19:30 h

Mesa 1: Casas e Pazos, Fogares da Palabra

Moderador: Uxío Novo (A Casa da Fonte convidada en Tor)

- *Manuel María, Da Terra Cha ao Monforte do Pazo de Tor*
Alberte Ansedo
(Fundación Manuel María)
- *Camiño de Pacios do señor, nembranembrando: d’Os eidos a Ámeto Mítico con desvío en Tor*
Nieves Neira
(Fundación Uxío Novoneyra)
- *Meirás e Doña Emilia*
María López Sández
(Real Academia Galega)

MARTES, 3 DE XUÑO

17:00 – 19:30 h

Mesa 2: Literatura e Terra


Moderador: Alberto Lema (escritor)

- **María Sánchez** (Poeta)
- *Reboraina, Pedrayo e Bocarribeira*
Patricia Arias Chachero
(Fundación Otero Pedrayo)
- *O mar de Manuel Antonio dende a fiestra da Casa*
Anxo Angueira
(Fundación Rosalía de Castro)
- *O Ámeto mítico de Novoneyra*
Uxío Novo
(Fundación Uxío Novoneyra)


IMAXE



Ornamentos e estilo de liña do Parnaso de Tor



Torre con ameas xa ligada ás Xornadas Pacegas



DEPUTACIÓN DE LUGO  Cultura  REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO
VICEPRESIDENCIA

V XORNADAS PACEGAS

Xornadas de Literatura e Poesía no Pazo de Tor

A **gaiola** de Manuel María

Os **eidos** de Uxío Novoneyra

Un **libro** aberto que xorde do terreo

Paxaros voando libres como símbolo poético

O **negro sobre branco** da tinta sobre o papel e o **laranxa tostado** da arquitectura de Tor



